



CONCELLO DE ARTEIXO

INTERVENCIÓN
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA FISCAL Nº 12 “TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER”

ARTIGO 1. *Fundamento e natureza.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no artigo 57 da citado R.D. legislativo.

ARTIGO 2. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible desta Taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer, se sinalan a continuación:

- Concesión e expedición de licenzas.
- Autorización para transmisión de licenzas, cando proceda o seu otorgamento, con arreglo á lexislación vixente.
- Autorización para a substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.

ARTIGO 3. *Suxeito pasivo.*

Están obrigados ao pagamento das Taxas en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, seguintes:

1.- A persoa ou entidade a quen se outorgue a concesión e expedición da licenza ou a favor de quen se autorice a transmisión de dita licenza.

2.- O titular da licenza cuxo que o seu vehículo é substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria.

ARTIGO 4. *Responsábeis.*

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2.- Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 5. *Cota tributaria.*

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada, segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

<u>Epígrafe primeiro:</u> Concesión e expedición de licenzas.....	941,26 €
<u>Epígrafe segundo:</u> Autorización para transmisións de licenzas:	
a) Transmisión “inter vivos”.....	753,01 €
b) Transmisión “mortis causa”:	
1.b. Primeira transmisión de licenzas a favor dos herdeiros forzosos.....	263,55 €



CONCELLO DE ARTEIXO

INTERVENCIÓN
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

2.b. Ulteriores transmisións de licenzas.....	564,76 €
<i>Epígrafe terceiro:</i> Substitución de vehículos.....	62,74 €
<i>Epígrafe cuarto:</i> Revisión de vehículos:	
a) Revisión anual ordinaria.....	37,65 €
b) Revisións extraordinarias, a instancia de parte.....	75,30 €

ARTIGO 6. Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pagamento da Taxa.

ARTIGO 7. Devengo.

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento en que se outorgue a licenzia ou se presten os restantes servizos previstos nesta ordenanza.

ARTIGO 8. Declaración e ingreso.

1.- A prestación dos servizos previstos nesta Ordenanza, a excepción da revisión ordinaria de vehículos, solicitarase por medio de instancia dirixida á Alcaldía, achegando os documentos que, en cada caso, sexan esixíbeis. No caso de defecto de presentación, actuarase conforme ás normas que regulan o procedemento administrativo común.

No mesmo acto de presentación da solicitude deberá o suxeito pasivo autoliquidar a taxa correspondente, segundo as tarifas fixadas no artigo 5º da presente ordenanza e utilizando o modelo deseñado para tal fin.

Tramitados os expedientes e previamente ao outorgamento da licenzia, comprobarase a autoliquidación practicada polo suxeito pasivo, podéndose producir calquera dos tres seguintes supostos:

- Confirmar a autoliquidación practicada polo suxeito pasivo.
- Xerando unha liquidación complementaria se da comprobación realizadas resultara unha cantidade maior a ingresar.
- Procedendo á devolución de ingresos, se da comprobación realizada resultara unha cantidade menor á autoliquidada polo suxeito pasivo.

Se a resolución administrativa fora denegatoria da pretensión formulada, procederase á devolución do importe autoliquidado, seguíndose o trámite de devolución de ingresos indebidos.

ARTIGO 9. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As tarifas establecidas na presente ordenanza incrementaranse anualmente segundo o IPC.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 30 de novembro de 1989.

Foi modificada por acordos do Concello Pleno en sesións celebradas o día 6 de setembro de 2001, 18 de xullo de 2002, 4 de setembro de 2003, 28 de outubro de 2004, 30 de xuño de 2005, 28 de setembro de 2006 e 25 de outubro de 2007.



CONCELLO DE ARTEIXO

INTERVENCIÓN

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2008. Entrará en vigor, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas.